



## Avisos

\* **Vespa velutina:** Dende a irrupción da coñecida como vespa asiática en Boimorto o Concello colabora no operativo de erradicación da mesma. A Xunta de Galicia dooulle ao Concello de Boimorto unha pérttega coa que tratar os niños desta especie, se ben é certo que é unha batalla complicada pola gran expansión e capacidade de reprodución da mesma, estamos tentado tratar os niños que son accesibles para os nosos medios (no que vai de ano tratamos preto de 100 niños da mesma).

Gustaríanos recalcar a palabra "colabora" pois a responsabilidade é da Xunta de Galicia e dende o Concello axudamos coa eliminación dos niños que podemos. Ao fío deste tema, os avisos dos niños débense comunicar ao 012 (telefono gratuíto da Xunta de Galicia) que dará de alta o niño na aplicación de rexistro e enviará os medios necesarios para eliminalo.

## Centro Maiores

\* A partires do 2 de outubro o Centro de Maiores retoma a súas actividades de costume os horarios serán os seguintes:

Actividades centro de Maiores					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:00 a 12:00	Ximnasia	Manualidades	Ximnasia	Memoria	Ximnasia
12:00	Café	Café	Café	Café	Café
12:15 a 13:00	Xogos de mesa	Xogos de mesa.	Xogos de mesa	Teatro	Xogos de mesa

Ao longo do ano faremos charlas e outras actividades que vos iremos anunciando nos boletíns e no propio Centro.

## Cultura e Deportes

\* **Ximnasia de mantemento nas parroquias:** o 2 de outubro comezarán de novo as ximnasia polas parroquias. Os días e horarios serán os seguintes: Brates os luns e xoves de 18:15 a 19:00 horas, Os Ánxeles luns e mércores de 19:15 a 20:00 horas, Rodieiros luns e mércores de 20:15 a 21:00 horas, Arceo os martes e xoves de 19:15 a 20:00 horas, Boimorto os martes e xoves de 20:15 a 21:00 horas. O prazo de inscrición está xa aberto e para inscribirse chegará con chamar ó teléfono das oficinas do concello (981 51 60 20). É necesario un mínimo de 10 persoas para que se forme grupo na

parroquia e o técnico deportivo se desprace ó local social para dar as clases nela.

\* **XI Canicross Popular:** o domingo día 1 de outubro, a partires das 10:00 horas terá lugar a undécima edición deste evento deportivo. Será imprescindible para o desenvolvemento da mesma facer pequenos cortes de tráfico en tramos das estradas que arrodean ao núcleo de Boimorto, polo que rogamos sexa pacientes e sigan as instrucións das persoas que regularán o tráfico.

\* **ruta de sendeirismo por Catoira:** terá lugar o domingo 8 de outubro, cun percorrido circular de 10,5 kms e dificultade media. Forma parte da programación "Goza do Ulla 2017". Os interesados deberán inscribirse chamando as oficinas do Concello no 981 51 60 20 antes do día 5 de outubro. En caso de non ter un mínimo de 15 inscritos, non se realizará a saída. Para máis información poñerse en contacto con técnico deportivo.

\* **Programa Termal no Balneario Compostela de Brión:** a partir da semana do 23 de outubro volvemos a realizar viaxes semanais para gozar dos beneficios das augas termais deste balneario. Os requisitos para poder participar son: Maiores de 60 anos e pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e empadroados no Concello de Boimorto, un máximo de 25 prazas por saída. Os interesados poderán comezar a inscribirse no Centro de Maiores ou nas oficinas do Concello a partires do luns 9 de outubro.

### Actividades Extraescolares

\* **Actividades Deportivas extraescolares 2017/2018:** a continuación expoñemos o cadro resumo cas actividades deportivas para este novo curso. Para participar bastará con ter o carné deportivo e inscribirse, cubrindo a folla de inscrición entregada no colexio ou falando co técnico deportivo municipal.

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14:15 a 14:55				X. Psicomotores (Infantil)	X.Psicomotores (Infantil)
15:50 a 16:50	Fútbol Sala Primaria (Benxamín/Alevín)	Patinaxe ESO e 4º, 5º e 6º		Patinaxe 1º, 2º e 3º Primaria	Bádminton
16:55 a 17:55	Multideporte Primaria (1º a 6º)	Bádminton		Fútbol Sala Secundaria (Infantil/Cadete)	
18:00 a 19:00			Fútbol Sala Feminino		